



CIRCULAR INFORMATIVA 01-10-2013

Estimadas familias:

Queremos darlles a coñecer as seguintes informacións:

- **Enquisa sobre a lingua materna:**
 - o Enviámola xunto con esta circular, pregamos a entreguen nos próximos días. Ten valor informativo e o centro aposta pola potenciación das linguas galega, castelá e inglesa.
- **Estudo sobre a implicación das familias na educación realizado polo Consejo Escolar del Estado e Consello Escolar de Galicia:**
 - o Fomos elixidos nunha mostra de centros representativa do conxunto de España. Participan as familias con alumnos/as nos seguintes cursos da Ed. Primaria: 1º A, 2º B, 3º C, 4º A, 5º B, 6º A.
 - o O xoves, 03-10-13, enviaremos polos rapaces destas aulas dous cuestionarios, un en castelá e outro en galego. Cada familia cubrirá un deles, o que desexe. Pregamos que antes do martes, 08-10-13, devolvan os dous.
 - o O cuestionario é anónimo, aínda que aparece o nome da comunidade, colexio e curso. Agradecemos a súa colaboración.
- **Estudo sobre o sobrepeso dos escolares galegos:**
 - o Tamén fomos elixidos para participar neste estudo con tres grupos de Ed. Primaria, pendentos de determinar. Estes alumnos/as realizarán unha enquisa, serán pesados e tallados. Por suposto, queda garantido o anonimato das respostas e medicións.
- **Recollida de roupa:**
 - o A fundación Santa Lola realiza a recollida de roupa usada o martes, 08 de outubro de 2013. As familias que participen poden enviar a roupa polos rapaces o luns 07 e o martes 08-10-13.

Un saúdo.

A DIRECCIÓN